



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



CIRCULAR LU01/2014

- Aos atletas, adestradores e clubes

IV TROFEO COPA DIPUTACIÓN DE LUGO COMPETICIÓN EN PISTA

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo en colaboración ca Vicepresidencia Primeira da Diputación de Lugo organiza o **IV Trofeo Copa Diputación de Lugo**, no Módulo Cuberto e no Estadio Gregorio Pérez Rivera de Lugo. Baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

O trofeo constará de seis probas en pista a celebrar os días:

- 25 de xaneiro – 1ª Xornada - Aire Libre e Módulo cuberto.
- 16 de febreiro – 2ª Xornada - Módulo cuberto.
- 22 de febreiro – Xornada Menores - Módulo cuberto (só benxamin, alevín e infantil federados)
- 2 de marzo – 3ª Xornada - Módulo cuberto.
- 24 de maio – 4ª Xornada - Aire Libre.
- 1 de xuño – 5ª Xornada - Aire Libre.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2013/14) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións

Art. 2. As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do mércores anterior a celebración das probas.



Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: fgatletismolugo@gmail.com
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



Art. 3. Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 4. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 5. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art. 6. Otorgarase un trofeo conmemorativo os tres primeiros por tabla IAAF 2011 das xornadas de inverno (tres primeiras xornadas) e das xornadas de verán (dos últimas xornadas) por sectores: Carreiras Velocidade (ata 400 m), Fondo (máis de 400), Lanzamentos e Saltos. A entrega de trofeos, será o 2 de marzo para a xornadas de inverno e o 1 de xuño para as xornadas de verán.

Art. 7. Na xornada de menores (22 de febreiro) entregaránse medallas a os tres primeiros clasificados de cada proba.

Art. 8. O horario e probas a disputar serán enviadas e publicadas con antelación suficiente á competición.

Art. 9. Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 11 de xaneiro do 2014

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo